

Texto 1. República, Libro IV, 432b-435c. **Tese: a xustiza política. Cuestión asociada: a antropoloxía e a política en Platón.**

- Teñen este texto resolto por min na súa aula virtual. Atendan á estrutura e a como se conecta a descripción da tese, do esquema do dualismo en xeral (ontolóxico, epistemolóxico e antropolóxico) co desenvolvemento da cuestión asociada. Fíxense tamén na maneira na que se incorporan as citas (tanto directas como indirectas) e as expresións que se empregan para pasar dun parágrafo a outro, fiando as distintas ideas correspondentes á filosofía do autor.

Texto 2. República, Libro VI, 509c-511e . **Tese: o desenvolvemento do dualismo ontolóxico e epistemolóxico a partir do coñecido "símil da liña". Cuestión asociada: realidade e coñecemento en Platón.**

1. Contexto:

- Platón (427 a.C – 347 a.C) Pertencente a unha familia aristocrática ateniense. Orientado, polo tanto, á política.
- Guerra do Peloponeso. Esparta vence a Atenas. Imponse o Goberno dos Trinta Tiranos no que participan familiares seus.
- Restaurase a democracia. Baixo este réxime condenase inxustamente a Sócrates por "corromper á xuventude e atentar contra os deuses da cidade". Platón desencántase coa política. Dedicase á filosofía teórica (sen abandonar a idea de que é o paso previo á política)
- Opcional: Viaxes (Siracusa, etc.)
- Influencias: Parménides (Ser/Ideas), Sócrates (crítica ao relativismo sofista), pitagóricos (dualismo)

2. TESE: o desenvolvemento do dualismo ontolóxico e epistemolóxico a partir do coñecido "símil da liña"

3. Desenvolvemento:

- Presentación do dualismo platónico a nivel ontolóxico, epistemolóxico e antropolóxico.
 - Ontolóxico: mundo sensible / mundo das ideas: características de ambos e relación (copia – mímese, participación – methexis)
 - Epistemolóxico: doxa (opinión), coñecemento inseguro, imperfecto do sensible; episteme (ciencia, coñecemento verdadeiro), coñecemento universal das ideas.
 - Antropolóxico: corpo (parte sensible, cárcera da alma), alma (parte ideal, o que verdadeiramente define ao ser humano)
- Exposición do símil da liña: 1) División en dous (mundo sensible, mundo intelixible /

doxa, episteme). 2) De novo división en dous (Mundo sensible: imaxes, obxectos sensibles. Mundo ideal: obxectos matemáticos, ideas: aquí falar da xerarquía das ideas ⇒ ideas das cousas sensibles ⇒ ideas dos obxectos matemáticos ⇒ ideas da política, ética e estética ⇒ IDEA DE BEN / Doxa: imaxinación – eikaisia, crenza – pistis. Episteme: pensamento discursivo – dianoia, conocimiento intelectual – noesis)

- Sinalar que o símil representa a **DIALÉCTICA**, o avance do nivel de realidade máis imperfecto ao máis perfecto e do nivel de coñecemento máis inseguro ao máis seguro.
- Relacionar os catro segmentos do símil coas fases do **MITO DA CAVERNA**. Teñen unha explicación gráfica nos seus apuntamentos.
- Engadir citas e referencias ao texto. Exemplos: *"divide nuevamente cada sección según la misma proporción"* , *"la del género de lo que se ve y otra la del que se intelige "* , *sección de la que ésta ofrece imágenes", a que corresponden los animales que viven en nuestro derredor"* , *"el género íntegro de cosas fabricadas por el hombre"*. **IMPORTANTES:** *"la línea ha quedado dividida, en cuanto a su verdad y no verdad"* , *"lo opinable es a lo cognoscible como la copia es a aquello de lo que es copiado"* , *! primera sección, el alma se ve forzada a servirse de supuestos"* , *"peldaños y trampolines hasta el principio del todo, que es no supuesto"* , **Resumo:** *"inteligencia, a la suprema; pensamiento discursivo, a la segunda; a la tercera asigna la creencia y a la cuarta la conjetura"*.
- Breve relación coa antropoloxía e a política.

4 Conclusión:

- Platón, primeiro pensador sistemático, integra o pensamento de pensadores anteriores asentando as bases do que a filosofía discutirá ao longo da historia posterior.
- Resumo do exposto.
- Relación con outros autores: Aristóteles (crítico do dualismo, alternativa: hilemorfismo) Agostiño de Hipona: dualismo (mundo ideal, na mente divina)

Texto 3. República, Libro VII, 514a-517c. **Tese: o mito da caverna, alegorái que explica o dualismo ontolóxico e epistemolóxico do autor así como o concepto de dialéctica. Cuestión asociada: realidade e coñecemento en Platón.**

- O esquema a seguir é moi semellante ao anterior, mais aquí deberían, obviamente, explicar antes o mito da caverna e a medida que o desenvolvan ir sinalando como cada fase se corresponde cos segmentos do símil da liña. **IMPORTANTE.**
- Deben deixar moi claro que o ascenso do prisioneiro e a gradual adaptación dos seus ollos á

luz representa o avance da razón dende unha realidade imperfecta ata a realidade perfecta das ideas. O mesmo no caso do coñecemento: avánzase do coñecemento máis inseguro (o das sombras – imaxinación) ao máis seguro (a contemplación do Sol ou Idea de Ben – Nóesis) Non esquezan falar da xerarquía das ideas.

- Engadir citas e referencias ao texto. Exemplos: *"En ella están desde niños con las piernas y el cuello encadenados", "del otro lado del tabique, pasan hombres que llevan toda clase de utensilios y figurillas de hombres y otros animales", "¿Y que los prisioneros no tendrían por real otra cosa que las sombras de los objetos artificiales transportados?", "a causa del encandilamiento fuera incapaz de percibir aquellas cosas cuyas sombras había visto antes", "considerará que las cosas que antes veían eran más verdaderas que las que se le muestran ahora", "¿no le dolerían los ojos y trataría de eludirla, volviéndose hacia aquellas cosas que podía percibir?", "tendría los ojos llenos de fulgores que le impedirían ver uno solo de los objetos que ahora decimos que son los verdaderos", "Necesitaría acostumbrarse, para poder llegar a mirar las cosas de arriba", **PARÁGRAFO CLAVE QUE REPRESENTA A DIALÉCTICA E DE ONDE PODEN EXTRAER CITAS BREVES:** *"En primer lugar miraría con mayor facilidad las sombras, y después las figuras de los hombres y de los otros objetos reflejados en el agua, luego los hombres y los objetos mismos. A continuación contemplaría de noche lo que hay en el cielo y el cielo mismo, mirando la luz de los astros y la luna más fácilmente que, durante el día, el sol y la luz del sol",* **IDEAS DE BEN:** *"concluiría, con respecto al sol [...] que de algún modo es causa de las cosas que ellos habían visto", "si descendiera nuevamente y ocupara su propio asiento, ¿no tendría ofuscados los ojos por las tinieblas".* **PARÁGRAFO CLAVE QUE LIGA O MITO AO DUALISMO ONTOLÓXICO E EPISTEMOLÓXICO E DO QUE PODEN EXTRAER CITAS:** *"debemos aplicar íntegra esta alegoría a lo que anteriormente ha sido dicho, comparando la región que se manifiesta por medio de la vista con la morada-prisión, y la luz del fuego que hay en ella con el poder del sol; compara, por otro lado, el ascenso y la contemplación de las cosas de arriba con el camino del alma hacia el ámbito inteligible".**
- Interpretación política do mito: o que ascende e escapa da caverna, o filósofo que contempla as ideas, é quen debe gobernar e dirixir aos que permanecen nas tebras.
- Breve relación coa antropoloxía e a política.
- Conclusión idéntica á do texto anterior.

Texto 4. Fedro, 246a-247c. **Tese do texto: o mito do carro alado que explica o dualismo**

antropológico platónica e as características da alma tripartita. Cuestión asociada: a antropoloxía e a política en Platón.

1. Contexto:

- Platón (427 a.C – 347 a.C) Pertencente a unha familia aristocrática ateniense. Orientado, polo tanto, á política.
- Guerra do Peloponeso. Esparta vence a Atenas. Imponse o Goberno dos Trinta Tiranos no que participan familiares seus.
- Restaurase a democracia. Baixo este réxime condenase inxustamente a Sócrates por "corromper á xuventude e atentar contra os deuses da cidade". Platón desencántase coa política. Dedicase á filosofía teórica (sen abandonar a idea de que é o paso previo á política)
- Opcional: Viaxes (Siracusa, etc.)
- Influencias: Parménides (Ser/Ideas), Sócrates (crítica ao relativismo sofista), pitagóricos (dualismo)

2. TESE: o mito do carro alado que explica o dualismo antropológico platónica e as características da alma tripartita.

3. Desenvolvemento:

- Presentación do dualismo platónico a nivel ontolóxico, epistemolóxico e antropológico.
 - Ontolóxico: mundo sensible / mundo das ideas: características de ambos e relación (copia – mímese, participación – methexis)
 - Epistemolóxico: doxa (opinión), coñecemento inseguro, imperfecto do sensible; episteme (ciencia, coñecemento verdadeiro), coñecemento universal das ideas.
 - Antropológico: corpo (parte sensible, cárcera da alma), alma (parte ideal, o que verdadeiramente define ao ser humano)
- Explicación do carácter tripartito da alma humana: racional, irascible, concupiscible. Sinalaras virtudes clave correspondentes a cada parte: sabedoría/prudencia, fortaleza/valentía, temperanza/moderación respectivamente.
- CLAVE: explicar a relación do carácter tripartito da alma co carro alado do mito: racional ⇒ auriga, irascible ⇒ cabalo branco, concupiscible ⇒ cabalo negro.
- Explicar como cada parte do carro debe facer o que lle corresponde, como o auriga, por exemplo, debe dirixir. Se sucede isto o carro surca os ceos (mundo ideal) Así, se cada parte da alma fai o que lle corresponde podemos dicir que se logra a virtude da xustiza.
- Explicar o que lle sucede ao carro se o cabalo negro toma o control (á alma se é dirixida pola parte concupiscible) ⇒ cae ao corpo (parte sensible de ser humano e cárcere para a

alma). Paga o prezo de esquecer as ideas coas que estivo en contacto. Xa podemos introducir: **REMINISCENCIA E METEMPSICOSE. MOI IMPORTANTE.**

- Engadir citas e referencias ao texto. Exemplos: *"e parece a una fuerza que, como si hubieran nacido juntos, lleva a una yunta alada y su auriga"* , *"hay, en primer lugar, un conductor que guía un tronco de caballos y, después, estos caballos de los cuales uno es bueno y hermoso [...] y el otro de todo lo contrario"*, *" la que ha perdido sus alas va a la deriva, hasta que se agarra a algo sólido, donde se asienta y se hace con cuerpo terrestre"*, *"Este compuesto, cristalización de alma y cuerpo, se llama ser vivo"*, ***"lo divino es bello, sabio, bueno y otras cosas por el estilo. De esto se alimenta y con esto crece"***, ***"pero con lo torpe y lo malo y todo lo que le es contrario, se consume y acaba"*** (Nestas dúas últimas citas vemos o que lle pasa a alma se opta por guiarse polo sensible ou se opta pola contemplación das ideas), *"el caballo entreverado de maldad gravita y tira hacia la tierra, forzando al auriga que no lo haya domesticado con esmero"*.
- Relación coa política: as tres almas están en todos os individuos, pero en cada individuo predomina unha. Dependendo de cal predomine o individuo pertencerá a unha ou outra clase social. Racional ⇒ Filósofo gobernante. Irascible ⇒ Gardián. Concupiscible ⇒ Produtor. A harmonía entre as clases, que cada unha faga o que lle corresponde no estado segundo a súa natureza é a xustiza política. ISOMORFISMO ENTRE A XUSTIZA INDIVIDUAL E XUSTIZA POLÍTICA.
- Explicar os motivos polos que deben gobernar os filósofos ⇒ coñecen as ideas de xustiza e ben e poden gobernar en consecuencia (aplicación do intelectualismo ético de Sócrates á política)
- **A partir de aquí resumir o seguinte en función do tempo.** Características do Estado platónico: organicismo, funcionalismo e, segundo intérpretes posteriores, autoritarismo e comunismo (platónico)
- Foma de goberno que defende Platón: aristocracia intelectual.
- Problema de non darlle o goberno aos mellores: ciclo de corrupción dos réximes políticos. Timocracia ⇒ Oligarquía ⇒ Democracia ⇒ Tiranía (e volta a comezar)

4 **Conclusión:**

- Platón, primeiro pensador sistemático, integra o pensamento de pensadores anteriores asentando as bases do que a filosofía discutirá ao longo da historia posterior.
- Resumo do exposto.
- Relación con outros autores: Aristóteles (crítico do dualismo, alternativa: hilemorfismo) Agostiño de Hipona: dualismo (mundo ideal, na mente divina) tamén priorizará á alma como aquilo que define ao ser humano. É a súa parte ideal – divina.

Texto 5. Menón, 81c-82. Tese do texto: a teoría da reminiscencia de Platón. A relación entre a antropoloxía e a epistemoloxía. Cuestión asociada: antropoloxía e política en Platón.

1. Contexto: idéntico ao dos outros fragmentos.
2. **TESE: a teoría da reminiscencia como teoría do coñecemento e a súa relación coa antropoloxía platónica.**
3. Desenvolvemento:
 - Presentación do dualismo platónico a nivel ontolóxico, epistemolóxico e antropolóxico.
 - Ontolóxico: mundo sensible / mundo das ideas: características de ambos e relación (copia – mímese, participación – methexis)
 - Epistemolóxico: doxa (opinión), coñecemento inseguro, imperfecto do sensible; episteme (ciencia, coñecemento verdadeiro), coñecemento universal das ideas.
 - Antropolóxico: corpo (parte sensible, cárcera da alma), alma (parte ideal, o que verdadeiramente define ao ser humano).
 - Explicación do carácter tripartito da alma humana: racional, irascible, concupiscible. Sinalaras virtudes clave correspondentes a cada parte: sabedoría/prudencia, fortaleza/valentía, temperanza/moderación respectivamente.
 - Mencionar e describir brevemente o mito do carro alado e a correspondencia coas partes da alma.
 - Explicar o que lle sucede ao carro se o cabalo negro toma o control (á alma se é dirixida pola parte concupiscible) ⇒ cae ao corpo (parte sensible de ser humano e cárcere para a alma). Paga o prezo de esquecer as ideas coas que estivo en contacto. Xa podemos introducir e explica **A CLAVE DO TEXTO: A TEORÍA DA REMINISCENCIA. Mencionar e explicar a metempsicose.**
 - Engadir citas e referencias ao texto. Por exemplo: *“El alma, pues, siendo inmortal y habiendo nacido muchas veces [...] o hay nada que no haya aprendido”* , *“no hay de qué asombrarse si es posible que recuerde [...] las cosas que, por cierto, antes también conocía”*. **TESE: “en efecto, el buscar y el aprender no son otra cosa, en suma, que una reminiscencia”**. **MOI IMPORTANTE.** *“lo que denominamos aprender es reminiscencia”*. *“no hay enseñanza, sino reminiscencia”*
 - Relación coa política: as tres almas están en todos os individuos, pero en cada individuo predomina unha. Dependendo de cal predomine o individuo pertencerá a unha ou outra clase social. Racional ⇒ Filósofo gobernante. Irascible ⇒ Gardián. Concupiscible ⇒ Produtor. A

harmonía entre as clases, que cada unha faga o que lle corresponde no estado segundo a súa natureza é a xustiza política. ISOMORFISMO ENTRE A XUSTIZA INDIVIDUAL E XUSTIZA POLÍTICA.

- Explicar os motivos polos que deben gobernar os filósofos ⇒ coñecen as ideas de xustiza e ben e poden gobernar en consecuencia (aplicación do intelectualismo ético de Sócrates á política)
- **A partir de aquí resumir o seguinte en función do tempo.** Características do Estado platónico: organicismo, funcionalismo e, segundo intérpretes posteriores, autoritarismo e comunismo (platónico)
- Forma de goberno que defende Platón: aristocracia intelectual.
- Problema de non darlle o goberno aos mellores: ciclo de corrupción dos réximes políticos. Timocracia ⇒ Oligarquía ⇒ Democracia ⇒ Tiranía (e volta a comezar)

4 **Conclusión:**

- Platón, primeiro pensador sistemático, integra o pensamento de pensadores anteriores asentando as bases do que a filosofía discutirá ao longo da historia posterior.
- Resumo do exposto.
- Relación con outros autores: Aristóteles (crítico do dualismo, alternativa: hilemorfismo) Agostiño de Hipona: dualismo (mundo ideal, na mente divina) tamén priorizará á alma como aquilo que define ao ser humano. É a súa parte ideal – divina.
- **IMPORTANTE:** Platón explica o ascenso cara a verdade que representa a Idea do Ben coa **dialéctica**, tal e como recolle o diálogo da **República**. Neste texto explica que coñecer non é máis que **recordar: reminiscencia – anamnese**.